



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE 2022 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais:	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
SECRETARIO:	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as catorce horas do día vinte e nove de setembro de dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/08/2022).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dezasete de agosto do ano que andamos, que logo de facer a corrección que de seguido se relaciona, apróbase por unanimidade dos asistentes:

No punto 2.17.- Instancia de don José Rodríguez Fouce e don Antonio Díaz Ramos. (Expediente núm. 2022/U018/000005), onde di:

“Dáse conta da citada instancia na que os interesados, solicitan licenza para agrupamento e novo parcelamento de fincas en Nande – Sales (San Fins) en dúas novas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don José Manuel Arias Illanes, en calidade de Arquitecto, e de data 11/05/2022.

Debe dicir:

“Dáse conta da citada instancia na que os interesados, solicitan licenza para agrupamento e novo parcelamento de fincas en Nande – Sales (San Fins) en dúas novas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don José Manuel Arias Illanes, en calidade de Arquitecto, e de data 28/07/2022”

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra de don Iván Lence Riveiro. (Expediente núm. 2022/U026/000017)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Iván Lence Riveiro para rehabilitación de muro de pedra consistente en recuperar a base de pedra e demoler a parede de ladrillo existente. A lonxitude do peche é de aproximadamente 15 metros.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 16/08/2022 (Expediente núm. 1280/22).

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002306400NH43F, emprazada en Tomonde, 14 – Santa Cruz de Ribadulla, en solo cualificado



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e c un prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda: Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.2.- Comunicación de obra de dona María Guadalupe Lobato Pereira. (Expediente núm. 2022/U026/000029)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Guadalupe Lobato Pereira para renovación da cuberta da vivenda colocando tella sobre uralita existente.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002502000NH43E, emprazada en Sarandón, 18 – San Miguel de Sarandón, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos Núcleos Rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte e cinco euros con sesenta céntimos (#125,60#).

2.3.- Comunicación de obra de don Diego Ferradáns Rendo. (Expediente núm. 2022/U026/000039)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Diego Ferradáns Rendo para construción de peche perimetral de parcela con base de bloque (revestido e pintado), postes e arame. O peche frontal farase pola liña de cesión de vías, cunha altura que non superará os 1,50 m. a base maciza e 1,80 m. a altura total.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50701523, emprazada en Angustín, 6 – Santa Cruz de Ribadulla, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cen euros con sesenta e catro céntimos (#100,64#).

2.4.- Comunicación de obra de don Ángel Silva Pérez. (Expediente núm. 2022/U026/000041)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Ángel Silva Pérez para substitución de cuberta colocando tella nova á estrutura existente.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001101200NH43F, emprazada en Os Muiños, 1 – San Mamede de Ribadulla en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento trinta e seis euros (#136,00#).

2.5.- Comunicación de obra de Isla Solar Tecnología, S.L. (Expediente núm. 2022/U026/000046)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don David Alonso Reviriego, en representación de Isla Solar Tecnología, SL, para instalación fotovoltaica para autoconsumo con excedentes de 5,0 kwn (6,230 Kwp) nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Javier Gómez Valdespina en calidade de Enxeñeiro Industrial e de data 21/06/2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001606900NH44A, emprazada en A Torre, 27 – San Xián de Sales, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. N-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

2.6.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente núm. 2022/U026/000053)

Dáse conta do expediente municipal número 2022/U026/000053 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación dun poste de madeira, tipo 8E de oito metros de altura, Ref. 8288196 – 3574860, en Torre de Abaixo 5 - Ribadulla (Santa Cruz) Vedra, nos termos da documentación técnica achegada de data 22/12/2021 e asinada por don Alfonso Goday Otero, Enxeñeiro Técnico Industrial de planta externa. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.7.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente núm. 2022/U026/000057)

Dáse conta do expediente municipal número 2022/U026/000057 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de tres postes de madeira, tipo 8E de oito metros de altura, en Sobredo - Vilanova (San Pedro). Ref. 8314855 - 3602259, nos termos da documentación técnica achegada de data 02/03/2022 asinada por don Alfonso Goday Otero en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial de planta externa. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente

2.8.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente núm. 2022/U026/000058)

Dáse conta do expediente municipal número 2022/U026/000058 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación un poste de FVA250 en vía pública,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



en Caxaraville - Sarandón (San Miguel). Ref. 8350514 - 3636494 nos termos da documentación técnica achegada de data 31/05/2022. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada sinalada.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaríanse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaríanse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.9.-Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente núm. 2022/U026/000059)

Dáse conta do expediente municipal número 2022/U026/000059 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de 3 postes en vía pública, en Calzande - Sales (San Xián). Ref. 8358474 - 3643873, nos termos da documentación técnica achegada de data 18/06/2022 e asinado por don Alfonso Goday Otero en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial de planta externa. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisible. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.10.- Comunicación de obra de dona Mercedes González Pérez. (Expediente núm. 2022/U026/000060)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Mercedes González Pérez para rehabilitación de vivenda consistente en substitución da tella da cuberta.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001701400NH44A, emprazada en Nande, 37 – San Fins de Sales, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. N-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento catro euros con setenta céntimos (#104,70#).

2.11.- Comunicación de obra de don Alberto Silva Castro. (Expediente núm. 2022/U026/000061)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Alberto Silva Castro para peche perimetral de finca con base de bloque (recebada e pintada), postes e arame. A base maciza non superará os 1,50 m. de alto e a altura total non será superior a 1,80 m. Recuárase 6 metros do eixo da vía municipal.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A505000440001SL, emprazada en A Pedreira – San Andrés de Trobe, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. N-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento oitenta e catro euros con vinte e cinco céntimos (#184,25#).

2.12.- Comunicación de obra de don Jorge Abraldes Ferreira. (Expediente núm. 2022/U026/000063)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Jorge Abraldes Ferreira para peche de parcela de base de bloque de 60 cm. postes e arame ata unha altura total que non superará os 1,80 m. A lonxitude do peche será de 56 metros e irá enfusado e pintado.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000600600NH43G, emprazada en Vilapedre, 7 - San Andrés de Ilobre, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.13.- Comunicación de obra de don Luís de la Torre Roca. (Expediente núm. 2022/U026/000067)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Luis de la Torre Roca para rehabilitación de cuberta de vivenda substituíndo a tella existente por outra nova similar.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001401500NH43E0001EX, emprazada en Pousada de Abaixo, 25 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. N-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta (#150,00#).

2.14.-Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente núm. 2022/U026/000069)

Dáse conta do expediente municipal número 2022/U026/000069 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de cinco postes de fibra, de tipo 8 FVA, Ref. 8372453 – 3654543, en Manteles de Abaixo - Vedra, nos termos da documentación técnica achegada. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada de data 10/08/2022 e asinada por Alfonso Goday Otero en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.15.- Instancia de don Roberto Castro Rocamonde. (Expediente núm. 2022/U018/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en representación de dona Cándida Pereiro Vilasante e don José Mogo Castelao, solicita licenza para agrupamento e posterior parcelamento, para reorganización da propiedade, de dúas parcelas nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Roberto Castro Rocamonde en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial, e de data 25/01/2022, resultando o mesmo número de parcelas.

As parcelas atópanse no lugar de Sarandón – San Miguel de Sarandón en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo rústico de especial protección das augas. R-5.

Dáse conta das autorizacións emitidas por Augas de Galicia, con data do 05/08/2022, e pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, expediente 539/22, en sentido favorable pero condicionando calquera obra ou actuación posterior á obtención das preceptivas autorizacións sectoriais.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para reorganización da propiedade solicitada, nos termos da documentación técnica achegada, que se achega ao presente acordo, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes que ascenden a cento vinte euros (#120,00#).

2.16 -Instancia núm. 202299900000751 de don Francisco José Pena Brage. (Expediente prórroga núm.: 2022/U003/000003)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 24/09/2019 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Silvaoscura, 12 – Sales (San Fins), neste termo municipal, (Expediente núm.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2019/U022/000016), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3anos, para a finalización das obras obxecto do expediente ao terse xustificado o remate exterior da construción autorizada.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.17.- Instancia núm. 202200000000999 de dona Isabel Puy Fraga. (Expediente núm. 2022/U007/000007)

Dáse conta da citada instancia na que dona Isabel Puy Fraga, expón que con data do 28/03/2003 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Vilarpiñeiro, 16 – Trobe (San Andrés), referencia catastral da parcela 000102900NH43C, (licenza número 60/2003), nos termos da documentación técnica achegada e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza de primeira ocupación (Expediente núm. 2022/U007/000007) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes.

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.18.- Instancia núm. 202200000000467 de Aguardientes de Galicia, S.A. (Expediente núm. 2022/U022/000014)

Dáse conta da citada instancia na que don Orlando Sánchez Seoane, en representación de Aguardientes de Galicia, S.A, solicita licenza para obras de nave para almacén de barricas de bebidas espirituosas en industria alimentaria (superficie 1239,30 m²) en Cubelas, 13 – Sarandón (San Pedro)-Vedra, (expediente núm.: 2022/U022/000014), en solo cualificado polo vixente PXOM como “Solo rústico de especial protección forestal. R-3” e nos termos do proxecto básico asinado por don Federico López Taetzel, en calidade de arquitecto, número de visado 2202461,2 de data 29/04/2022, coas seguintes características: altura: <7 metros; ocupación: < 20%; e un presuposto de execución material de 598.084,83€, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50602032.

Dáse conta tamén do informe sectorial emitido con data do 19/09/2022 polo Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural en sentido favorable e con condicións.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses a contar dende a data de concesión da licenza.



Previo ao inicio das obras e cunha antelación mínima dun mes deberá achegar:

-Proxecto de execución e oficios de dirección técnica.

-Informe, asinado por técnico competente, de cumprimento das condicións sinaladas no informe emitido polo Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural e do que se lle dá traslado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de once mil novecentos sesenta e un euros con setenta céntimos (#11.961,70#)

3º.- Cambio de titularidade de café bar. (Expediente núm. 2022/U020/000004)

Dáse conta da declaración responsable achegada por don Julio Nieves Tacón de cambio de titularidade de licenza Café-Bar de 3ª categoría en Galegos, 30 – Santa Cruz de Ribadulla, denominada comercialmente BAR QUENLLAS(Expdte.: núm. 2022/U020/000004).

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto, entre outras, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración realizada por don Julio Nieves Tacón do cambio de titularidade da licenza de mencionada.

Dáse conta tamén da liquidación da taxas correspondentes xa ingresadas na tesouraría municipal.

4º.- Acordo, se procede, sobre solicitude á Consellería do Medio Ambiente para incluír o proxecto de Mellora de camiños en Nande, O Terrón e San Gregorio no PIR 2022

A Xunta de Goberno Local, ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais (PIR 2022) consistentes en *Mellora de camiños en Nande, O Terrón e San Gregorio*.

Manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese á:

- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.
- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.
- Asumir - unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma - a explotación, mantemento e conservación das mesmas.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.
- Manifestación expresa de que a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza, condicións de execución ou cambio do réxime da propiedade da infraestrutura.
- O concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



- O Concello, sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

5º.- Dar conta de Resolúcións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de agosto:

DECRETO	DATA	ASUNTO
514	01/08/2022	Baixa no SAF- Libre concorrência e alta na modalidade de dependencia de MDPM
515	01/08/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
516	02/08/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
517	02/08/2022	Autorización uso externo aplicacións da Deputación Provincial para desenvolvemento do seu traballo á funcionaria interina Ana Uzal
518	02/08/2022	Aprobación listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no Programa Conxuga (ludoteca e madrugadores). Curso 2022/2023
519	03/08/2022	Delegación especial á concelleira dona Diana Varela Barreiro para celebración de matrimonio civil
520	03/08/2022	Cumprimento trienios persoal municipal
521	03/08/2022	Expediente limpeza de fincas (Ref. 15090D505050140000HQ)
522	03/08/2022	Expediente limpeza de fincas (Ref. 001001300NH34B0001AI)
523	04/08/2022	Expediente limpeza de fincas (Ref. 002101800NH43G0001RJ)
524	04/08/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
525	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 4 de Rozadela –San Mamede de Ribadulla
526	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 23 de Socastro –San Mamede de Ribadulla
527	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 25 de Socastro –San Mamede de Ribadulla
528	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 26 de Socastro –San Mamede de Ribadulla
529	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 22 de Socastro –San Mamede de Ribadulla
530	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 24 de Socastro –San Mamede de Ribadulla
531	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 5 de Matelo –San Xíán de Sales
532	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 27 de Matelo –San Xíán de Sales
533	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 6 de Matelo –San Xíán de Sales
534	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 21 de Matelo –San Xíán de Sales
535	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 18 de Matelo –San Xíán de Sales
536	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 10 de Matelo –San Xíán de Sales
537	05/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 54 de Paradela –San Xíán de Sales
538	05/08/2022	Expediente de limpeza de fincas en Manteles –Vedra



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



539	05/08/2022	Expediente de limpeza de parcelas (Ref. 15090A50500123 e V15090A50500125SU)
540	08/08/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo da EIM do mes de xullo de 2022
541	08/08/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
542	09/08/2022	Aprobación listaxe persoas admitidas proceso se selección APROL RURAL 2022 por renuncia de titular para posto de oficial de segunda xardineiro forestal (candidatos remitidos pola OE Santiago Norte)
543	09/08/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F2022.28 por importe de 249.756,65 euros
544	09/08/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
545	09/08/2022	Aprobación convenio de colaboración para a xestión compartida do proxecto de Mellora da Ruta de Sendeirismo de Donas a Gundián entre os concellos de Boqueixón e Vedra , incluído no Fondo de Compensación Ambiental 2022
546	09/08/2022	Aprobación memorias e solicitude de subvención a entidades locais para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables
547	10/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 5 de Paradela –San Xián de Sales
548	10/08/2022	Expediente limpeza de fincas (Ref. 002202100NH43G)
549	10/08/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
550	11/08/2022	Adxudicación contrato menor de servizos de Elaboración de documentación para solicitude axudas DUS 5000 e redacción dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Vedra á Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L (Exp. 2022/C002/000014)
551	11/08/2022	Aprobación pagamento de indemnizacións de servidumes de desaugue constituído sobre da finca de M. Dolores Iglesias Gacio, segundo convenio asinado para a execución de aparcadoiro en San Xián
552	11/08/2022	Aprobación convenio regulador de subvención nominativa entre o Concello de Vedra e Unión Deportiva Val do Ulla prevista no orzamento do exercicio 2022
553	11/08/2022	Contratación de Manuel Núñez Rúa como xardineiro- forestal (ASprol Rural 2022), en función dos resultados do proceso selectivo
554	12/08/2022	Aprobación factura núm. 22.8 de Ana Isabel Filgueiras Rei – Antiga Gabinete de Patrimonio Cultural correspondente ao proxecto de recuperación do Bosque Sagrado do Monte Illicino (Monte – Sacro)
555	12/08/2022	Aprobación certificación núm. 5 da obra de Substitución de envolvente térmica no Pabellón Polideportivo e factura correspondente da empresa adxudicataria da obra, Covisam .S.A, por importe de 124.997,01 euros
556	12/08/2022	Aprobación padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 2º trimestre de 2022
557	18/08/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
558	18/08/2022	Aprobación concesión de subvención directa á Asociación Veciñal Unión e Progreso e orde de pagamento de contía concedida
559	18/08/2022	Delegación das funcións da Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		don Manuel Costa Carneiro, do 29-08 /02-09 por vacacións do titular
560	19/08/2022	Aprobación concesión de subvención directa ao C.D. San Mamede para a organización do Trofeo de Fútbol Concello de Vedra 2022 e orde de pagamento de contía concedida
561	19/08/2022	Expediente de modificación de créditos 7/2022 (xeración), vinculada á subvención concedida para a Adecuación da área recreativa de Agronovo (Vedra)
562	19/08/2022	Expediente de modificación de créditos 8/2022 (xeración), vinculada á subvención concedida para o proxecto de intercambio europeo Erasmus, denominado Socialia: sustentabilidade, desenvolvemento e Patrimonio
563	19/08/2022	Expediente limpeza de fincas (Ref. 15090A505006960000AU)
564	23/08/2022	Arquivo expediente limpeza de fincas (Ref. 15090D505050140000HQ) por cumprir o ordenado
565	23/08/2022	Ampliación intensidade SAF –Libre concorrencia a ELSC
566	24/08/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
567	24/08/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
568	24/08/2022	Aprobación solicitude do Concello de Boqueixón de ingreso do 50% do gasto correspondente ao proxecto de recuperación do Bosque sagrado do Monte Illicio (Monte Sacro)
569	24/08/2022	Inicio expediente de contratación do investimento de Adecuación da Área Recreativa de Agronovo (Exp. 2022/C002/000014)
570	24/08/2022	Expediente de modificación de créditos 9/2022 (xeración) vinculada á subvención concedida para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal
571	24/08/2022	Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao club Escolas Deportivas de Vedra e orde de pagamento segundo convenio
572	26/08/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
573	26/08/2022	Inicio expediente de contratación de Mantemento de fotocopiadoras (Exp. 2022/C002/000016)
574	26/08/2022	Aprobación e orde de pagamento de nóminas do mes de agosto
575	26/08/2022	Expediente de modificación de créditos 10/22 (xeración) vinculada á subvención concedida para Programas de dinamización lingüística –promoción do uso da lingua galega
576	26/08/2022	Autorización uso instalacións vagón coworking á empresa Financiera Maderera, S.A
577	26/08/2022	Alta SAF –Libre concorrencia de APG
578	26/08/2022	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Unión Deportiva Val do Ulla e orde de pagamento segundo convenio
579	30/08/2022	Concesión de axuda de emerxencia social a RLCG
580	30/08/2022	Expediente limpeza de fincas (Ref. 15090A50800049)
581	30/08/2022	Acordo solicitude de subvención destinada ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero para 2022
582	30/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 27 de Argunte –San Mamede de Ribadulla
583	30/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		núm. 19 na R/Alcalde Francisco Carrillo –Santa Cruz de Ribadulla
584	30/08/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda núm. 19 de Fontao – Vedra
585	30/08/2022	Expediente limpeza de fincas (Ref. 002202100NH43G)
586	30/08/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
587	30/08/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
588	31/08/2022	Adxudicación, mediante contrato menor, do investimento de Adecuación da Área Recreativa Agronovo (Expdte. 2022/C002/000015)
589	31/08/2022	Contratación de monitor/a de tempo libre e servizos para o servizo de madrugadores e ludoteca municipal, en base á subvención solicitada, con contrato de duración determinada para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a xornada completa, para o curso escolar 2022/2023

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das catorce horas e trinta e cinco minutos.